



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE FORMALIZAR UN ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS AO COLECTIVO DE REDEIRAS ARTESÁS NO MARCO DO SEU PROCESO DE DIVERSIFICACIÓN PROFESIONAL. PROXECTO: ENREDADAS.

1.- Antecedentes

O Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 39/2018, do 5 de abril, dispón no seu artigo 1, que esta é órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias no relativo ás asociacións dos/as profesionais do sector, así como en cooperación pesqueira interinstitucional, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, sen prexuízo das competencias que poidan corresponderlles aos outros organismos da Comunidade Autónoma.

O devandito Decreto, no seu artigo 9, establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é un órgano de dirección da Consellería do Mar ao que lle corresponde o fomento da organización sectorial, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a Consellería en materia de extensión pesqueira. En uso da dita atribución a dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten realizado con anterioridade diversas actuacións formativas enfocadas á diversificación profesional do colectivo de redeiras artesás de Galicia.

Por outra banda, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece no artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

En relación coa devandita posibilidade de formalización de acordos de colaboración, cómpre sinalar que a Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de



Galicia. Entre as finalidades desta Fundación están a formación especializada e perfeccionamento, así como o arquivo, información, investigación e promoción da artesanía galega, e a mellora da calidade técnica e artística dos produtos artesanais de Galicia. Nos seus primordiais cometidos encádrase o desenvolvemento das liñas de investigación destinadas a especializar e perfeccionar técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos produtos artesanais, ademais de optimizar o proceso produtivo xa que a innovación, o deseño e a calidade son bases para a supervivencia desta área.

Esta Fundación ten entre os seus fins o desenvolvemento de programas de asistencia, formación, promoción e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais de Galicia. En particular, a Fundación vén desenvolvendo dende hai anos accións de formación co colectivo de redeiras artesás de Galicia, acadando resultados tanxibles logo do remate dos cursos desenvolvidos.

As devanditas actuacións obtiveron unha notable repercusión pública, así como un gran recoñecemento no ámbito social e cultural, converténdose nunha posibilidade real de xerar ingresos adicionais dentro do colectivo de redeiras. O traballo das redeiras forma parte do patrimonio cultural da Galicia mariñeira que debe ser protexido e salientado para a súa supervivencia no tempo.

A elaboración de novos produtos a través das técnicas tradicionais que empregan desde antigo e o seu propio traballo xerou, como xa se indicou, un importante recoñecemento para este colectivo. En proba disto, cómpre salientar a obtención da *“Medalla de Oro al Mérito en el Trabajo”* que se lle concedeu polo Ministerio de Emprego, no ano 2016; o *“Premio nacional de artesanía del Ministerio de Industria”* ao proxecto *“Enredadas”* que se lle concedeu polo Ministerio de Industria, no ano 2018; así como, a recente *“Medalla Castelao”* que se lle concedeu pola Xunta de Galicia neste ano.

Para que este proceso de éxito e recoñecemento social e cultural continúe, é necesario seguir apostando pola formación, ao que responde, en definitiva, este acordo de colaboración.

A Fundación Pública Artesanía de Galicia, está clasificada como Benéfico-Social pola Orde do 8 de xaneiro de 2004 (DOG núm. 10, do 16 de xaneiro de 2004) da antiga



consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Está, asemade, declarada de interese galego, figurando inscrita co núm. 2003/29, pola Orde do 16 de xaneiro de 2004 (DOG núm. 14, do 22 de xaneiro de 2015) da antiga consellería de Innovación, Industria e Comercio.

O Padroado da Fundación está composta, na súa totalidade, por membros da Administración Autonómica galega, tal como se fai constar no artigo 14 dos seus Estatutos e o seu patrimonio está integrado por achegas procedentes exclusivamente da Xunta de Galicia.

2.- Razóns de oportunidade

Tendo en conta os continuos resultados positivos das anteriores actuacións formativas co colectivo de redeiras artesás baseadas nunha estratexia de colaboración interinstitucional, así como os seus resultados materializados, entre outros aspectos, no seu recoñecemento público, a consellería do Mar considera conveniente continuar coa ampliación das actuacións orientadas a combinar a creatividade e os novos deseños coas habilidades tradicionais e o saber facer deste colectivo, formado maioritariamente por mulleres.

E, para iso, cómpre empregar a experiencia acumulada dos anteriores programas formativos con este colectivo, froito da colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Pública Artesanía de Galicia, que obtiveron, tal e como se expuxo, resultados sempre moi satisfactorios. Esta traxectoria é a razón da acreditación desta Fundación como a única entidade coa experiencia e especialización precisa para o deseño e organización destes cursos.

3.- Obxecto do acordo

Este acordo de colaboración ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Pública Artesanía de Galicia para a impartición de accións formativas que permitan a diversificación profesional das redeiras artesás de Galicia e o desenvolvemento sostible das zonas costeiras.

Este acordo ten carácter administrativo rexéndose aos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.



O acordo terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, sen que caiba prórroga.

Os conflitos que se formulen resolveranse pola comisión de seguimento e, no seu caso, aplicando as regras para resolver conflitos de atribucións.

Coa finalidade de facilitar a diversificación profesional das redeiras galegas, as accións formativas incluírán tanto o deseño de produtos específicos do sector da moda e dos complementos, como as técnicas básicas de corte e confección; se estenderán á aplicación das técnicas das redeiras ao ámbito da decoración e; se ampliarán á actividade formativa específica de xestión da actividade comercial.

Os cursos a impartir, como mínimo, serán:

Denominación	HORAS
Curso de iniciación para a aplicación das técnicas das redeiras ao sector da decoración. 2019	60
Curso de técnicas complementarias ao oficio tradicional: corte e confección. 2019	70
Curso de deseño e aplicación das técnicas das redeiras ao sector da moda e dos complementos. 2020	60
Xestión básica da actividade comercial: curso de análise de produción e prezos de venda. 2020	50
Total horas	240

Ademais dos devanditos cursos, a Fundación desenvolverá un acto de presentación do Proxecto Enredadas no que se efectuará o balance dos resultados acadados.

4.- Orzamento e financiamento

Para cumprir co obxecto do presente acordo, a Consellería do Mar transferirá a cantidade de 35.300 € (trinta e cinco mil trescentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.723C.640.1 dos orzamentos da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:





APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	2019	2020	TOTAL (C/IVE)
15.02.723C.640.1	2015-00577	11.500€	23.800€	35.300€

Co dito importe será ampliado o orzamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria, na aplicación orzamentaria 09 30 751 A 743 04, co código de proxecto 2015-00295.

Estes fondos corresponden coa achega que a Consellería de Economía Emprego e Industria realizará á Fundación Pública Artesanía de Galicia para que esta desenvolva ás actividades de formación indicadas tendentes ao perfeccionamento das técnicas de elaboración, á extensión a outros ámbitos de mercado, que permitan mellorar a calidade e especialidade dos produtos artesanais, ademais de optimizar o proceso produtivo e a xestión comercial das redeiras a través da aplicación.

Esta transferencia se instrumentará a través dos correspondentes documentos contables que posibilitan as achegas económicas entre os distintos organismos da Xunta de Galicia (artigo 64.1.g) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia).

5.- Tramitación

Por todo o exposto, propónse por este centro directivo o inicio da tramitación deste proxecto de acordo de colaboración, para o que se somete ao informe da Asesoría Xurídica, de ser o caso, e á fiscalización previa da Intervención Xeral.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

